

SESIÓN PLENARIA ORDINARIO

CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de plenos da Casa do Concello, o día 25 de agosto ás 17:00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 28 de xullo de 2022.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2022.
3. Toma de coñecemento do informe de morosidade 2º/T2022-Concello e FPSDM.
4. Toma de coñecemento da relación de Investimentos solicitados ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
5. Aprobación, se procede, da corrección de erros no Expediente de Modificación de Crédito por suplemento de crédito e por crédito extraordinario nº02/SC/2022 e nº02/CE/2022.
6. Aprobación se procede, da determinación das Festas de Carácter Local para o ano 2023.
7. Aprobación, se procede, do IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2022-2026.
8. Exame das Alegacións e aprobación definitiva, se procede, do Regulamento da Escola Infantil Municipal.
9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre Mellora dos traballos de limpeza e mantemento dos espazos públicos para previr o risco de incendios.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para o incremento da masa arbórea nas zonas urbanas de Vilagarcía de Arousa e a súa adaptación ao cambio climático.
12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.





Concello de
Vilagarcía de Arousa
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B
Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 - F 986 501 109
secretaria@vilagarcia.gal
sede.vilagarcia.gal

Vilagarcía de Arousa.
O ALCALDE-PRESIDENTE
ALBERTO VARELA PAZ

A SECRETARIA XERAL,
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

